

# informa TEO

## ALCALDÍA O TSXG desestima o recurso de Viaqua contra a liquidación do contrato

A liquidación do contrato que Aquagest mantivo co Concello de Teo, prorrogado de forma ilegal en 2007 e posteriormente declarado nulo de pleno dereito, foi causa de conflito. Mentres que a liquidación da Intervención municipal estimaba que Aquagest debía uns dous millóns de euros ao Concello, Viaqua (novo nome comercial de Aquagest) consideraba que o Concello lle debía case catro millóns e medio.

O Xulgado contencioso administrativo número 1 de Santiago ditou sentenza en xullo de 2018 dándolle a razón ao Concello na liquidación realizada pola Intervención, se ben recoñecía certos dereitos económicos a Viaqua en relación cos investimentos realizados. En contra dalgunhas interpretacións interesadas, o Concello sempre considerou que era unha sentenza satisfactoria para os intereses municipais e, de feito, foi Viaqua quen recorreu a sentenza.

Pois ben, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) acaba de ditar sentenza desestimando integramente o recurso de apelación interposto con Viaqua. Ademais, a sentenza ratifica e clarifica os criterios cos que debe facerse a liquidación, isto é, que a liquidación debe practicarse dende o ano 2001 e que, para facela, deben aplicarse os prezos e cláusulas orixinais do contrato de xaneiro de 1989 actualizados co IPC, criterio defendido pola Intervención municipal.

A sentenza desestimatoria do recurso rexeita a reclamación de Viaqua do lucro cesante e dos custos legais, e ratifica a obriga de pagarlle ao Concello de Teo os custos de enerxía eléctrica e de xestión da Estación Depuradora de Augas Residuais de Calo.



As consecuencias económicas detalladas da sentenza son que Viaqua debe ao Concello 2.331.274,85 euros resultantes das liquidacións entre 2001 e o terceiro trimestre de 2015, 762.246,10 euros de enerxía eléctrica pagada polo Concello e que debía ter asumido Viaqua e 229.884,82 euros pola xestión da EDAR de Calo. É dicir, un total de 3.323.405,77 euros. Pola contra, o Concello debe pagar 1.556.251,03 euros polo investimentos realizados por Viaqua na rede municipal de Teo.

A liquidación final é polo tanto de 1.767.154,74 euros a favor do Concello. E xa só queda un posible recurso de casación diante do Tribunal Supremo, moi limitado polos conceptos admisibles neste tipo de recursos •

**A sentenza xudicial establece que a empresa deberá pagarlle ao Concello máis dun millón e medio de euros**

## TURISMO **Todo preparado para celebrar o Entroido**

As celebracións do Entroido aveciñanse. Desde mediados de febreiro ata principios de marzo desenvolveranse os altos ou atranques dos Xenerais que caracterizan a unha festa declarada de Interese Turístico de Galicia desde 2013 en toda a Ulla.

De acordo coas datas confirmadas nas diversas parroquias, Rarís celebrará a súa festa o domingo 17 de febreiro. Na seguinte fin de semana, os 23 e 24, será o momento de Reis. Ademais dos coros, os xenerais e correos, contarán coa presenza do Demo, personaxe propia da parroquia. O sábado percorren Coira, Freixeiro, Valiñas, Samar, Pazos, Montecelo, Piñeiro, A Freiría e A Ribeira. O domingo saen pola mañá do Ferreiriño e van por Chao do Río, Outeiro, O Calvario, A Ribeira, Olveira, Xermeade e Pontevea. As dúas xornadas pechan con cadanseu atranque no campo da festa ás 19:30 horas. As coordenadas GPS do campo son 42° 46' 17,9" e 8° 33' 10,1".



Xa en marzo, o entroido en Santa María de Teo será o sábado 2. Conta co Pai Mala Lingua, figura propia da parroquia. As coordenadas GPS do campo da festa son 42° 45' 52,5" e 8° 31' 14,3".

Ao día seguinte, o domingo 3 de marzo, entroido en Vilaríño. O percorrido tradicional comeza no campo da festa e vai cara a Cerdeira antes do xantar. Despois de comer, percorren a outra parte da parroquia cara Bamonde para volver ao campo da festa e dar os atranques. As coordenadas GPS do campo son 42° 46' 23" e 8° 31' 40" •



### COMERCIO **Premios de Nadal do comercio**

A campaña de Nadal no comercio local rematou con moi bos resultados. A concelleira de Promoción Económica, Conchi García, destaca que nesta segunda edición participaron máis de 80 establecementos e entregáronse máis de 30.000 rifas. No Concello entregáronse os seis premios: un bono anual para a piscina municipal cedido pola concesionaria BeOne; un paquete de aloxamento, cea e almorzo no Pazo de Adrán; un descenso polo Ulla e tres bonos de 50 euros. As persoas ás que lles tocou o bono decidiron gastalo de novo no comercio que lles dera a rifa que lles trouxo a sorte.



### SOSTIBILIDADE **En febreiro, horario especial do asesoramento eléctrico**

O servizo gratuito de asesoramento sobre a factura eléctrica contará cun horario especial durante o mes de febreiro. A atención ofrecerase entre as 11:00 e as 13:00 horas no Salón de Plenos da Casa do Concello os mércores 6 e 20 de febreiro. O mércores 13 o servizo ofrecerase nas dependencias do Departamento de Urbanismo. E o mércores 27 non se ofrecerá o servizo, posto que se adianta ao martes 26, mantendo o horario de 11:00 a 13:00 horas.

Este servizo, dependente do programa Teo Sostible, conta cun técnico especialista que estuda cada caso para determinar a posibilidade de reducir custos no consumo de electricidade. Ademais asesora na tramitación do bono social eléctrico. O aconsellable é que as persoas interesadas vaian ao servizo con copias de varias facturas recentes.

## MOCIDADE O CLIA leva as súas propostas a unha xornada parlamentaria



Jesús Angueira Duro representou a Teo na xornada do Congreso sobre propostas dos consellos de participación infantil e adolescente

O Consello Local da Infancia e a Adolescencia (CLIA) de Teo participou na xornada ‘*Manifiesto de Oviedo: conclusiones y propuestas de consejos de participación infantil y adolescente*’ no Congreso dos Deputados o 24 de xaneiro. Este organismo de participación teense estivo representado por Jesús Angueira Duro. A súa candidatura foi unha das oito seleccionadas, de 76 presentadas en todo o Estado.

A súa intervención ante a Comisión Permanente de Dereitos da Infancia e a Adolescencia tratou a discriminación por motivos de orientación ou identidade sexual. “A discriminación, a homofobia e a transfobia son problemas reais para a infancia aínda que haxa adultos que non o queiran ver; o acoso non se pode tolerar nin na casa nin nos centros educativos nin en ningún lugar”, expuxo Angueira.

O representante do CLIA de Teo propuxo combater a discriminación educando na tolerancia, fomentando a educación en valores nos centros de ensino e involucrando os medios de comunicación como campañas para sensibilizar a sociedade nesta problemática.

A selección de Jesús Angueira, como representante do CLIA de Teo, baseouse no criterio

de ter participado antes en eventos de relevancia como portavoz. A delegación da que formou parte tivo ocasión de reunirse cos deputados e deputadas que forman parte da Comisión da Infancia e a Adolescencia. Reservaron tamén tempo para visitar o hemiciclo do Congreso.

É a terceira ocasión que o Comité Español de UNICEF e a Plataforma da Infancia organizan esta iniciativa parlamentaria, que busca que as propostas da infancia e a adolescencia sexan escoitadas polos deputados e deputadas.

### Cidade Amiga da Infancia

A aposta do Concello por integrar a perspectiva da infancia en todas as súas políticas e a promoción da participación mediante o Consello Local da Infancia e a Adolescencia (CLIA) e o Foro de Participación Infantil e Adolescente (FoPIA) fíxoo merecedor recentemente do recoñecemento como Cidade Amiga da Infancia, que outorga UNICEF. A colocación das placas deste selo, xunto coas propostas de mellora para Teo ante as vindeiras eleccións municipais de maio, foron precisamente temas de debate na primeira reunión mensual do FoPIA o pasado 25 de xaneiro •

# URBANISMO O Concello licitará dúas novas sendas peonís nas vindeiras semanas

**As sendas, que se habilitan nas zonas con máis movemento, danlles prioridade aos peóns e melloran a seguridade viaria**



O Concello de Teo ten previsto licitar durante as vindeiras semanas as obras de dúas novas sendas peonís, como parte fundamental da estratexia de seguridade viaria que desenvolven as Concellarías de Urbanismo, que dirixe a concelleira Uxía Lemus, e de Infraestruturas, a cargo do concelleiro Roberto Moñino.

Unha das novas sendas comunicará o núcleo de Vilanova (Recesende) coa estrada autonómica AC-841 (Santiago-A Estrada). Terá máis de quilómetro e medio de longo e servirá para darlle continuidade á pequena senda que xa existe en Vilanova.

A outra senda prevista irá desde a zona de Raxó ata a estrada AC-841. Supera o medio quilómetro, lonxitude que permitirá comunicar varios núcleos principais da parroquia de Cacheiras e chegar ata a estrada dependente da Xunta.

## **Sendas xa rematadas**

Estas dúas novas infraestruturas súmanse a outras xa rematadas polo Concello nos últimos tempos. Destacan o itinerario peonil entre a estrada AC-841 e o IES de Cacheiras, que ten máis de 1.700 metros de lonxitude, ou a senda que vai desde os núcleos de Carballal, Adrán e a urbanización Campos de Mirabel ata o centro de saúde de Folgueiras, na parroquia de Calo.

Para este último treito o Concello xa ten prevista a súa continuación empregando financiamento da Deputación da Coruña. Cando se remate este proxecto, a senda peonil chegará ata San Domingos, de xeito que o trazado final co que contará superará os dous quilómetros de longo.

## **Futura senda circular**

Ademais, o Concello xa solicitou financiamento europeo para habilitar unha senda de carácter circular. Comunicaría as parroquias do centro e do sur e tería unha lonxitude total de dezanove quilómetros. Este proxecto forma parte do Plan de Mobilidade do Concello de Teo.

## **Comodidade e seguridade**

Os itinerarios peonís conforman conxuntos articulados de tramos de vías e de interseccións nos que o peón recibe unha atención especial e prioritaria. O obxectivo é que se poida circular a pé por estas sendas de maneira cómoda e segura.

As sendas deseñadas procuran conectar as áreas do municipio que máis movemento xeran ou que presentan dificultades para desprazarse a pé en condicións axeitadas. O resultado final é unha trama viaria funcional, continua e suxerente coa que se garante a accesibilidade •



URBANISMO

## A Deputación contrata a variante na zona da igrexa de Cacheiras

A Deputación da Coruña xa asinou o contrato para executar as obras que permitirán crear unha variante na zona da igrexa de Cacheiras. Os traballos consistirán en ampliar a plataforma e mellorar o trazado da estrada provincial DP-8202, evitando o paso continuo de vehículos pola travesía da Igrexa.

A empresa Eulogio Viñal Obras y Construcciones é a adjudicataria do proxecto por un importe de 221.000 euros. A estes cartos hai que engadir-lles os máis de 138.000 euros que a entidade provincial destinou no seu día a expropiacións.

Unha vez asinado o contrato, a previsión da Deputación da Coruña é que as obras poidan comezar durante este primeiro trimestre do ano.

### Características das obras

O treito que se mellorará é o que vai desde o punto quilométrico 3,5 ata a intersección da estrada provincial coa autonómica AC-841 en Cacheiras. Son en total máis de 900 metros nos que a anchura pasará dos cinco metros actuais ata os nove. Ademais a estrada será dotada de beiravías para mellorar a seguridade peonil.

A intervención incluírá a pavimentación máis a dotación de sistemas de drenaxe e de recollida de augas pluviais con cunetas revestidas de formigón. Do mesmo xeito, vanse colocar valados metálicos

**O investimento de máis de 220.000 euros permitirá evitar o treito estreito e de curvas na Igrexa para garantir a seguridade do tráfico rodado e da veciñanza da zona**

de seguridade nas zonas nas que existan terrapléns laterais e procederá a reforzar a sinalización horizontal e a vertical.

A Deputación, en colaboración co Concello, optou por crear esta variante porque no treito da Igrexa a estrada agora presenta moitas curvas e resulta perigosa por pasar moi preto de vivendas, do templo relixioso e da escola infantil. Isto impide gañar anchura e aconsellou optar por un cambio de trazado, máis cómodo e seguro tanto para quen utilice a estrada como para a poboación que reside na zona.

### Ampliación pendente en Luou

Respecto das estradas provinciais o Concello destaca que a Deputación ten unha asignatura pendente na zona da igrexa de Luou, dado que esta vía precisa tamén unha ampliación urxente •

# O prazo para anotarse no curso para obter a ESO remata o 8 de febreiro

As clases comezan a mediados de febreiro e terán lugar na Casa Común de Oza de luns a venres entre as 20:20 e as 22:40 horas

O venres 8 de febreiro remata o prazo de inscrición para o curso de preparación das probas para a obtención do título da Educación Secundaria Obrigatoria (ESO).

## Quen pode participar?

O curso está dirixido a calquera persoa que teña cumpridos cando menos dezaioito anos en 2018 e que careza do título. Pode estar empadroada en Teo ou en calquera outro municipio, aínda que se hai máis solicitudes que prazas dispoñibles terán preferencia na admisión as persoas que figuren no padrón teense.

## Cando comeza e onde se desenvolve?

O curso ten previsto o seu inicio a mediados deste mes de febreiro. Terá unha duración de seis meses, posto que a convocatoria das pro-

bas está prevista para setembro. As clases impartiranse na Casa Común de Oza de luns a venres entre as 20:20 e as 22:40 horas.

## Cantas prazas hai?

O curso dispón de 35 prazas como máximo. A admisión efectuarase por orde de entrada das solicitudes no Rexistro Xeral do Concello. Se non se acada un mínimo de quince persoas inscritas, non se realizará o curso.

## Como facer a inscrición?

O impreso de solicitude está dispoñible para descargar na páxina web do Concello de Teo. Tamén se pode recoller nas oficinas municipais. Hai que entregalo cuberto no Rexistro Xeral. Deberá ir acompañado dunha copia do DNI da persoa que presenta a solicitude •

# O Día de Rosalía celébrase o 22 nos centros de ensino

Os comedores escolares servirán caldo na honra de Rosalía e un grupo de gaitas interpretará unha alborada nos centros

O Concello de Teo celebrará o Día de Rosalía de Castro o venres 22 de febreiro nos centros educativos do municipio. É o 24 de febreiro cando se conmemora a efeméride dos 182 anos do nacemento da escritora, pero ao cadrar en domingo adiántase ao venres previo.

Nesa xornada nos comedores escolares haberá caldo para xantar, inspirándose no poema *Miña casiña, meu lar* do libro *Follas Novas*. Estes versos relatan en primeira persoa a épica diaria da supervivencia dunha muller pobre. O alumnado recibirá o poema co propósito de que descubra a obra da autora galega.

A conmemoración contará tamén con música. Un grupo de gaitas acudirá aos distintos centros para interpretar unha alborada de gloria na honra de Rosalía. Cómpre lembrar que ao remate de *Cantares gallegos* figura o poe-



ma *Alborada*, unha composición ideada para unha música.

Na conmemoración, o Concello de Teo colabora coa Fundación Rosalía de Castro. Con motivo da efeméride, anima á cidadanía a compartir nas súas redes sociais publicacións e mensaxes cos cancelos #CaldodeGloria e #DíadeRosalía •

# EMERXENCIAS Teo afronta un novo ciclo da nespra velutina co propósito de freala

O Concello de Teo prepara diversas accións para afrontar un novo ciclo biolóxico da nespra velutina. O propósito das distintas iniciativas é frear a expansión desta especie invasora.

## Charlas

Neste sentido, para o mes de febreiro están convocadas dúas charlas divulgativas dirixidas á poboación en xeral. Nelas explicárase de forma xenérica o ciclo vital deste animal, así como as técnicas e estratexias que se poden utilizar para diminuír a súa presenza.

A primeira charla será o 21 de febreiro na Casa Común de Cacheiras. A segunda programouse para o 26 de febreiro na Casa Común Marisa Mirás, en Calo. Nos dous casos as reunións comezarán a partir das 20:30 horas.

## Reparto de atraente

Xa en marzo, cando as raíñas fundadoras esperan e empezan a construír os niños primarios, comezarán os traballos para combater o avance da especie. Como o ano pasado, o Concello distribuirá de balde doses de atraente para capturar as raíñas durante as primeiras semanas da primavera e dimi-



nuír así a presenza de enxamios no verán. O reparto efectuarase a través da Agrupación de Protección Civil de Teo.

Quen desexe facerse con este produto deberá acudir á nave de Protección Civil, na estrada entre Lucí e Vilariño, os mércores de 17:00 a 19:00 horas e os sábados de 10:00 a 12:00 horas •

**Protección Civil, que se encarga de retirar os niños, conta cun novo vehículo a través dunha subvención da Xunta**

## A aparición de niños debe comunicarse no 012

A partir de maio o servizo de Protección Civil volverá habilitar a retirada de niños. Para avisar da súa aparición hai que chamar ao teléfono de atención da Xunta, o 012. Haberá que indicar o lugar no que se sitúa o niño e anotar o número de incidencia para poder facer o seguimento. Durante o pasado ano, Protección Civil xestionou un total de 640 avisos. A partir deles foron retirados 471 niños. Noutros 60 casos non era procedente intervir. En quince ocasións non se trataba de niños de velutina e outras catro veces resultou imposible actuar. E os 90 avisos restantes resultaron ser duplicados doutros.

O Servizo Municipal de Emerxencias fíxose cargo da retirada de niños desde principios de 2018, despois de que o Consello pasase a ser entidade colaboradora coa Xunta de Galicia. Deste xeito axilizouse a retirada de niños, dado que cando se encargaba dela a Xunta producíanse retrasos de varias semanas e incluso meses.

Agora os servizos municipais acoden na maioría das ocasións en dous ou tres días. Unicamente hai demoras en casos moi puntuais que presenten dificultades técnicas. O convenio coa Xunta facilitou dous traxes e unha pértiga. Pero este material resultaba insuficiente e o Concello completouno adquirindo máis traxes con fondos municipais para que cada unha das persoas encargadas do servizo conte co seu propio equipo.

# AXENDA

## Febreiro de 2019



---

Venres  
Sábados

Servizo de asesoramento sobre a factura eléctrica.  
Horarios especiais en febreiro. Ver información na páxina 2.  
Mercado en Cacheiras.  
Mercado do Alimento Labrego nos Tilos.

**8** Venres. Fin do prazo para inscribirse no **curso de preparación para as probas de obtención do graduado en ESO**. As clases comezan a mediados de febreiro na Casa Común de Oza, de luns a venres de 20:20 a 22:40 horas. O curso dura seis meses.

**8** Venres. 21:00 h. Representación de **Eroski Paraíso**, de Chévere. Xira de despedida deste espectáculo. Entradas dispoñibles en <http://redenasa.tv> ou na billeteira o día da función. Auditorio Constante Liste.

**9** Sábado. 21:00 h. Representación de **Eroski Paraíso**, de Chévere. Xira de despedida deste espectáculo. Entradas dispoñibles en <http://redenasa.tv> ou na billeteira o día da función. Auditorio Constante Liste.

**12** Martes. 20:00 h. **Asemblea en Bamonde** sobre diversos asuntos de interese para a parroquia. Casa Común de Bamonde.

**12 e 19** Martes. **Curso sobre a presentación electrónica de documentación** na páxina web municipal. Para asociacións de Teo. De balde. Información en Servizos Sociais.

**13** Mércores. **Excursión ás Termas de Outariz** (Ourense). Para persoas maiores de 60 anos. Prazo de inscrición entre o 1 e o 11 de febreiro.

**15** Venres. 21:00 h. Representación de **Anatomía dunha serea**, de Iria Pinheiro. Actuación da Berberecheira de Chévere. Entradas dispoñibles en <http://redenasa.tv> ou na billeteira o día da función. Auditorio Constante Liste.

**16** Sábado. 21:00 h. Representación de **Salvador**, de Borja Fernández. Actuación

da Berberecheira de Chévere. Entradas dispoñibles en <http://redenasa.tv> ou en billeteira o día da función. Auditorio Constante Liste.

**17** Domingo. 18:00 h. Representación de **Goldi Libre**, de César Goldi. Actuación da Berberecheira de Chévere. Entradas dispoñibles en <http://redenasa.tv> ou na billeteira o día da función. Auditorio Constante Liste.

**17** Domingo. Celebración do **entroido en Rarís**. Campo da festa.

**21** Xoves. 20:30 h. Reunión informativa sobre a **nespra asiática e como previla**. Casa Común de Cacheiras.

**22** Venres. Celebración do **Día de Rosalía de Castro** nos centros educativos do municipio. Un grupo de gaitas interpretará unha alborada e nos comedores escolares servirase o caldo de gloria na honra de Rosalía.

**23-24** Sábado e domingo. Celebración do **entroido en Reis**. Campo da festa.

**23** Sábado. **Cea-baile** no Restaurante Los Robles. Para persoas maiores de 60 anos. Prazo de inscrición aberto desde o 1 de febreiro.

**26** Martes. 20:30 h. Reunión informativa sobre a **nespra asiática e como previla**. Casa Común Marisa Mirás (Calo).

**2-m** Sábado. Celebración do **entroido en Santa María de Teo**. Campo da festa.

**3-m** Domingo. Celebración do **entroido en Vilariño**. Campo da festa.